

## MESA SECTORIAL

**15/10/2024**

**1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE SETEMBRO.**

Apróbase a acta referida unha vez feitas as aportacións polas organizacións sindicais.

**2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, PROFESORES ESPECIALISTAS EN SECTORES SINGULARES DE FORMACIÓN PROFESIONAL, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, PARA EXTINGUIR, MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN.**

A Administración fai un resumo das novidades emanadas do Real Decreto 667 e indica que orde de concurso se publicará no DOG o día 4 de novembro para respectar o prazo de participación do 5 ao 23 de novembro. Tamén informa de que sairá concurso de orientación e de adultos pero, posiblemente, non no mesmo prazo.

A negociación desta Orde ven moi limitada polo novo Real Decreto. Xa na Mesa Estatal presentamos todas as Organizacións Sindicais un escrito denunciando que non pasaran pola mesa cuestións como as normas procedimentais.

**Demandamos que o persoal poida participar no Concurso de Traslados todos os anos independentemente de que obtivesen ou non destino definitivo.**

Solicitamos que o funcionariado en prácticas non participe con 0 puntos.

Demandamos que o dereito de concorrencia se poida exercer a localidade ou zona e non soamente a provincia.

En relación ás vacantes incidir en que se debe repetir a experiencia da negociación das mesmas centralizada e non nas Delegacións Territoriais. Demandamos tamén que se coñezan as prazas estruturais. **A Administración estudará esta proposta.**



Demandamos información sobre a puntuación das prazas de difícil desempeño (xa que hai sentenzas que indican que é unha puntuación recuperable).

Para ANPE Galicia é importante que as adjudicacións de oficio se fagan pola especialidade de oposición.

Solicitamos que se cubran as vacantes de AL en secundaria.

**Desde ANPE Galicia queremos preguntar porque Galicia é a única comunidade con lingua propia na que non se solicitou por parte da Administración Educativa unha puntuación específica en atención á peculiaridade lingüística (apartado 6.7 do baremo do Real Decreto) onde poderían ter cabida os certificados CELGA ou titulacións ou cursos específicos de lingua galega, que ademais contribuirían a aumentar o estudo da nosa lingua máis se cabe cando as estatísticas recoñecen unha diminución do usa da mesma.**

## MESA SECTORIAL

15/10/2024

En relación ao baremo consideramos que a puntuación recollida para os cursos de innovación educativa (6.4) de 0,15 puntos por curso non é nin equitativa nin proporcional e máxime cando a meirande parte dos certificados de proxectos e plans teñen a puntuación neste apartado.



Vemos positivo que se aumentase a puntuación por desempeño de cargos directivos e por asumir determinadas funcións, pero seguimos pensando que non habería que poñer ningún límite máximo, ao igual que acontece coa puntuación do apartado 1 de experiencia. Tamén cremos que a puntuación por desempeñar cargos directivos debería concretarse e diferenciarse por tipoloxía de centros nas normas procedimentais. Así como valorarse o desempeño de cargos unipersoais e outras funcións en todo caso, aínda que se desempeñe máis dunha función no mesmo tempo.

Solicitamos información sobre se a puntuación dos apartados 4.3 (titorías) e 6.6 a e b (titorización de alumnado de grao e funcionariado en prácticas) se pode simultanear como pedimos todos os anos xa que parece que este ano non está recollida a non simultaneidade. Queremos que a Administración nos confirme este punto. Consideramos que son dúas funcións independentes e que conlevan un traballo improbo que debe ser valorado por separado, é máis se se chegaba ao tope no apartado 4 e habendo posibilidade no 6 non se recollía esa puntuación.

Demandamos recoñecemento, tanto económico como administrativo, para o persoal que substitúe a algún cargo directivo.

**Demandamos recoñecemento económico de TODAS as coordinacións (e non soamente a de dinamización lingüística).**

Desde ANPE Galicia consideramos que se debe dar opción de puntuación polo corpo que máis lle beneficie ao persoal que, pertencendo a un corpo, prestou servizos noutro.

Solicitamos que se puntúen todos os premios extraordinarios que se poidan ter. **A Administración resposta que a súa idea é esa.**

Con respecto á Competencia Dixital Docente entendemos que Galicia é unha das comunidades máis avanzadas no tema pero é algo que está sen acabar de completar. Sabemos que a puntuación desta competencia ven obrigada polo Real Decreto pero, non entendemos que estando o procedemento tan “verde” como está o Ministerio incluíse este punto (máxime tendo en conta que xa ten manifestado que este tipo de Concurso de Traslados é transitorio en espera da negociación dun novo sistema). **A Administración resposta que están axilizando o procedemento de acreditación e facilita os datos do número de profesorado que ten acreditado os distintos niveis e que é o seguinte: 1538 (nivel A1), 6423 (nivel A2), 8507 (nivel B1), 11493 (nivel B2) e 4069 (nivel C1).** ANPE Galicia insiste na petición de que se valoren os cursos do INTEF xa que moita xente non os ten valorados de cara á acreditación da competencia dixital docente.

**Por último demandamos que o procedemento de actualización do expediente electrónico na aplicación de Datos Persoais estea aberto permanentemente durante todo o curso académico.**

**3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA PROCEDUREMTO SELECTIVO**




## MESA SECTORIAL

15/10/2024

### PARA CUBRIR CON CARÁCTER PROVISIONAL POSTOS DE TRABAJO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Desde ANPE Galicia entendemos que hai unha serie de recursos en marcha que están sen resolver e que poden afectar a esta convocatoria.



Podemos dicir que resulta de aplicación a Orde do 29 de febreiro de 1967, modificada pola do 3 de agosto de 1996, cuxo apartado vixésimo sexto establece que as vacantes poderán cubrirse de maneira accidental, en comisión de servizos, con funcionarios docentes que reúnan os requisitos para acceder e establece dous procedementos: a formación de listas cos aspirantes que non superaron o último proceso selectivo ou cunha convocatoria de proceso selectivo (opción pola que está decantándose a Consellería).




Debe darse seguridade xurídica ao procedemento para que non ocorra o mesmo que pasou coa convocatoria de cátedras. En primeiro lugar xa se inclumpe a normativa que indica que se debe incluír obrigatoriamente o cupo do 7% para persoal con discapacidade. Segunda cuestión, no caso da elaboración de

listas de substitucións (no caso de primaria e secundaria) había unha opción para deixar constancia de que querían estar en listaxes de substitucións á hora de facer a matrícula no proceso selectivo, cousa que non se fixo nas oposicións de inspección. Tampouco a orde de oposicións de inspeccións incluía a opción de establecer este novo proceso. Todas estas cuestións aumentan a inseguridade xurídica desta resolución. Hai sentenzas xurídicas que indican que non se poden convocar procedementos “ad hoc” se non estaban inicialmente previstos.

Por outro lado, o ditame do Consello Escolar do Estado sobre o Real Decreto de Inspección Educativa, próximo a aprobarse, determina que a provisión de accidentais debería ser por concurso de méritos e non mediante procedementos arbitrados polas administracións educativas, como o caso desta resolución.

O proxecto de Real Decreto de Inspección Educativa, que será normativa básica, está na fase final previa á publicación, cumpridos xa tódolos trámites consultivos. Neste proxecto faise mención expresa das persoas que aprobaron un ou varios exames de oposición para a cobertura de prazas de inspección accidental (puntos 3 e 4 do artigo 26). Non se xustifica o apresuramento da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para sacar unha resolución que podería ser contraria ao establecido no citado Real Decreto próximo a publicarse.



**Todas estas inseguridades xurídicas nos levan a solicitar, polo tanto, a retirada desta resolución**

## MESA SECTORIAL

15/10/2024

**para evitar meternos noutro "lío xurídico" semellante ao que aconteceu coas cátedras do profesorado de conservatorios.**

Nunha segunda rolda de intervención desde ANPE Galicia insiste na retirada da resolución e que solicitamos tamén que se cubran as prazas co persoal que non superou o último procedemento selectivo, do mesmo xeito que se fai co resto de docentes. Entendemos que non se cumpre ningún dos requisitos establecidos na anteriormente citada Orde do 29 de febreiro de 1967. Insistimos tamén en que se están intentando cambiar as regras de xogo a metade de partido. **Tiñase que ter incluído no proceso selectivo ordinario (celebrado en xuño) o procedemento que se ía seguir para cubrir vacantes de xeito accidental. Mencionar tamén todas as incoherencias que se recollen no texto da Resolución onde uns apartados contradicen a outros.**

Avisamos da enorme inseguridade xurídica que presenta este texto polo que reiteramos que se proceda á súa retirada.

**A Administración non retirará a Resolución usando a súa potestade para regular.**

**ANTES DE PASAR A ROGOS E PREGUNTAS A ADMINISTRACIÓN ANUNCIA QUE TEN PREVISTO FACER UNHA CONVOCATORIA DE APERTURA DE LISTAXES EN DIVERSAS ESPECIALIDADES EN BREVE.**

### **4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.**

- Solicitar formalmente a reunión da Comisión de Seguimento do Acordo de Interinos. Denunciar a discriminación administrativa e económica sobre o tema do non recoñecemento a estos efectos dos servizos prestados nos meses de verán para o profesorado substituto que acredite traballar **máis de 5,5 meses ao longo do curso.** **A**

**Administración enviará convocatoria para a semana que ven.**

- Denunciar que non se respetaron os prazos de revisión dos exames de oposición. Hai moitos recursos presentados ao respecto. **A Administración fará todo o posible para que non se volva a repetir.**
- Denunciar os problemas de datas, prazos que non cuadraban, tarefas que non se realizaban en relación á xustificación de gastos de Fondos Europeos e recollidos documentos que se lles pasaron a determinado profesorado de FP para asinar. Non se pode pasar para a súa sinatura documentos que conteñan falsidades.
- Solicitar que se amplíe o prazo de petición para a revisión médica para solventar o colapso producido este ano. **A Administración resposta que houbo un incremento de máis de 2000 solicitudes e informa de que está traballando coa Mutua para que ninguén que solicitase a revisión quede sen ela.**
- Solicitar información sobre puntuacións e causas de exclusión dos centros que non obtiveron o programa PROA. Tamén que se indique a especialidade do profesorado que se enviará a cada centro.
- Transmitir as queixas dos centros dependentes de Medio Rural xa que se está esixindo ao profesorado deste tipo de centros que depende de educación que adapte o seu horario ao resto dos traballadores do centro.
- Praza de piano do Conservatorio Profesional que non saíu debido a problemas internos no centro e que se cubriu máis adiante cunha interinidad. Esta situación non se pode volver a producir xa que houbo profesorado que perdeu determinado tipo de dereitos.



## MESA SECTORIAL

15/10/2024

- Solicitar información sobre a convocatoria de oposicións para o vindeiro ano. **A Administración aínda non ten previsión. Tamén informa de que non haberá convocatoria de cátedras.**
- Solicitar apertura de listas (incluíndo tamén as do profesorado de Relixión xa que neste momento hai vacantes de relixión evanxélica sen cubrir por falta de profesorado).
- Recordar que temos un compromiso de finais do curso pasado **para negociar unha nova RPT do profesorado de relixión e unha convocatoria do concurso de traslados para este persoal.**
- Apoiar a petición feita por outra Organización Sindical de que as aulas hospitalarias teñan consideración de centros de difícil desempeño.
- Demandar que as prazas do plan MEGA se prorroguen ata o 31 de agosto e non finalicen a 30 de xuño. **A Administración resposta que isto non é posible.**

